



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
12 DE NOVEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación das actas anteriores.**
- 2.- Información sobre o asfaltado da estrada da praia e en xeral sobre esa obra (cesión de terreos, beirarrúas, etc)**
- 3.- Previsión por parte do Concello no asfaltado do camiño Porta Levada (Cesantes).**
- 4.- Información das xestións en materia de seguridade do vial no colexio CEIP San Pedro e na contorna.**
- 5.- Información sobre o problema das augas fecais na praia de Cesantes e sobre todo na contorna do parque infantil e a súa solución.**
- 6.- Información sobre o contenedor da praia de Cesantes.**
- 7.- Rogos e preguntas**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e trece minutos, do día doce de novembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais e o seu suplente José Manuel Rivas Iriarte
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- Magdalena Ramoné Otero, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS



CONCELLO DE REDONDELA

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1.- Aprobación das actas anteriores.

Sométense a aprobación as actas das xuntanzas de datas 17.09.2014 e 29.09.2014.

Apróbanse as actas por unanimidade das/os membros presentes.

2.- Información sobre o asfaltado da estrada da praia e en xeral sobre esa obra (cesión de terreos, beirarrúas, etc)

O Presidente informa que xa se asfaltou unha parte dende a estrada nacional ata o comezo da baixada á praia. O lado dereito está en trámite pendente das máquinas da Deputación, non se sabe canto tempo tardará.

En canto a cesión informa que xa se foi falando cos veciños, uns están de acordo pero despois xa se materializará, a idea é facer beirarrúas e colocar iluminación. Ademais, falouse con ADIF para que continúe o muro ata o apeadeiro.

María Fernanda Castro Montero comenta que na reunión do mércores acordouse que non se puxeran asuntos no Faro de Vigo ata que non se traten no consello, e a asociación de veciños non o cumpriu.

Fernando González Fontán contéstalle que a entrevista do faro a fixeron antes da reunión, indica que el falou co periodista de Faro de Vigo de dez temas e na noticia publicada só se reflexou un e que non volverá a pasar e non quere vir a reunión previa ao consello.

Jorge Rodríguez Crespo di que os puntos do 2 ao 5 da orde do día son petición da asociación de Cesantes e xa se acordara que os asuntos das reunións previas non se publican na prensa.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que, na reunión previa, puido dicir que ía saír publicado no Faro.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que se teñen un pacto é para cumprilo e cada asociación se non comparte o pacto é independente para traballar no seu eido.



CONCELLO DE REDONDELA

Cecilia Pérez Orge di que no Regulamento recóllese que a parte dos acordos, cada colectivo poder ter as súas propias demandas.

Luis Antonio Medal Martínez di que se hai algo que apoia o consello vai en conxunto entre todos e debería pedirse opinión a todos.

Fernando González Fontán volve explicar como foi o tema da publicación no periódico.

Marcial López Cabaleiro di que tiña que habelo explicado na reunión.

Por outra banda, Fernando González Fontán pregunta do asfaltado do "Camiño Outeiro das Penas" se xe fixo algún estudo previo por un técnico porque as augas en vez de ir polas canaletas van contra as portas dos veciños e por qué non se asfaltou ata a praia.

Fernando González Fontán indica que o asfalto dende a panadería ata a praia está mal, hai dous buracos.

Ademais, indica que na estrada da praia hai dous postes da luz que pode caer.

3.- Previsión por parte do Concello no asfaltado do camiño Porta Levada (Cesantes)

O Presidente explica que falou co concelleiro de vías e obras, Cándido Vilaboa, e conta coas máquinas para o asfaltado, entre decembro e xaneiro.

Cecilia Pérez Orge pregunta se é bo asfaltar con este mal tempo.

O Presidente explícalle que se é asfaltado en quente non hai problema.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que xa no Pleno advertiu que non hai un plan de asfaltado das vías públicas e o orzamento é insuficiente. Pide que haxa un seguimento dos asfaltados polos técnicos municipais, así como, un estudo previo que prevea a caída das augas e outros posibles problemas.



CONCELLO DE REDONDELA

Luis Medal Fiel incide no control das obras, informa de asfaltados que se levantaron ao pouco tempo, poñendo un exemplo que aconteceu en Chapela e pide que se cercioren as caídas das augas e que se faga o que se contrata.

4.- Información das xestións en materia de seguridade do vial no colexio CEIP San Pedro e na contorna

O Presidente informa que se está cambiando a iluminación porque é vella, as resistencias das farolas e similares.

En canto ao tema da velocidade, indica que falou co concelleiro de interior, Arturo González, e lle indicou que a velocidade xa está limitada a trinta e ben sinalizada.

Cecilia Pérez Orge di que a seguridade viaria non só é a velocidade, tamén a seguridade dos peóns, serían preciso unhas beirarrúas nesa zona.

Magdalena Ramoné Otero di que esa zona é un perigo e teñen que buscar unha solución.

O Presidente contéstalle que xa se están levando a cabo e que teñen intención de mellorar a seguridade.

Fernando González Fontán di que levan trinta anos esperando que se faga algo nesa estrada, engade que os pais solicitan que se coloquen sinais de escolares e que se faga algo, como colocar bandas sonoras ou outros.

Ademais, indica que na reunión previa tratáronse outros temas do colexio e solicita que o muro que está en mal estado se faga o antes posible. Indica que ademais do muro, existen outras deficiencias como a aramada, etc.

O Presidente contéstalle que se vai arranxar.

5.- Información sobre o problema das augas fecais na praia de Cesantes e sobre todo na contorna do parque infantil e a súa solución.

O Presidente informa que non lle constan problemas de augas fecais, entende que se trata de augas pluviais e o problema se agrava coas follas das árbores que taponan os desaugadoiros. Ademais, no parque é difícil de arranxar porque cadra cando suben as mareas.



CONCELLO DE REDONDELA

Magdalena Ramoné Otero indica que cando foron mariscar na zona do Regato saía todo tipo de lixo.

Fernando González Fontán manifesta que iso tamén sucede noutras zonas da praia como na Marina e que no parque infantil hai augas fecais.

O Presidente indícalle que iso o ten que demostrar e comunicalo no momento, que poden ser augas pluviais con fecais.

Luis Medal Fiel pregunta se se fixo algunha análise alí das augas.

Luis Antonio Medal Martínez di que ten que comprobarse no momento.

Fernando González Fontán di que o problema é que a bomba non da abasto coas augas e as augas saen polas arquetas.

Juan Carlos Araújo Alonso pregunta se non se pode falar con Aqualia e que limpie os sumidoiros de vez en cando.

Fernando González Fontán indica que o problema é a falta de capacidade da rede e que se mezclan as augas fecais coas pluviais.

Cecilia Pérez Orge indica que é a xente a que conecta as augas pluviais nas fecais e iso é difícil de controlar.

Fernando González Fontán di que ese problema teñen que solucionar e que eles xa gravaron un video onde se miran as augas fecais no parque.

O Presidente contéstalle que o colgado na páxina web días despois non lle vale, que no momento que suceda que o avise para comprobalo no sitio.

Francisco Muíños Barros indica que nas casas se mezclan as augas fecais coas pluviais, que a depuradora non pode depurar toda esa auga e acaba na praia.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando González Fontán reitera que no parque hai augas fecais e polo menos poderíase levantar a arqueta e desatascala.

6.- Información sobre o contenedor da praia de Cesantes.

O Presidente informa que no último pleno acordouse por case todos os grupos políticos levaran ao consello parroquial o tema do contenedor.

Cecilia Pérez Orge di que o que se acordou era debater o que se ía facer con ese contenedor.

O Presidente indica que o que se ten que falar é a ubicación do contenedor.

Leonardo Cabaleiro Couñago manifesta que este tema ven do pleno ao consello parroquial.

Cecilia Pérez Orge di que este tema non se ten que debater na xuntanza previa, que o Presidente ven a dar información do contenedor para que as asociacións debatan.

Leonardo Cabaleiro Couñago comenta a nota de prensa que sae na Voz de Galicia sobre o contenedor que indica que se usará para actividades deportivas e para as mariscadoras e non lle parece serio que saia na prensa antes de tratalo no consello.

O Presidente indica que o que vai a debater é donde colocalo, o consello é consultivo non decisorio e que o Pleno acordou traelo ao consello para un posible cambio de localización.

O Presidente procede a explicar a información do contenedor, que tiña todos os permisos e que se usou para dar uns cursos. O Concello compra o contenedor e quere darlle un uso variado, a concelleira de economía, facenda e desenvolvemento local, Ana Alonso, informoulle que se están redactando uns pregos administrativos para a realización de cursos.... e cando o contenedor non esté ocupado cederase ás mariscadoras. Ademais, sinala que no pleno acordouse que a situación apropiada é esa, para deportes nauticos polo balizado, marcando as saídas.

Cecilia Pérez Orge di que aunque o consello ten carácter consultivo non decisorio, o normal é que o Concello teña en conta o que pide o consello. Que se debatiu noutro consello a ubicación do contenedor e se pediu explicacións da contorna na que estaba. De acordo co regulamento dos consellos estes deben ser consultados do investimento



CONCELLO DE REDONDELA

previsto para a compra do contenedor. O normal é que o Concello se quería comprar o contenedor que o consultara co consello parroquial. Que se tiña que haber traído en setembro a compra do contenedor porque é un investimento e o consello ten que manifestarse se está de acordo e non se fixo.

Cecilia Pérez Orge e Leonardo Cabaleiro Couñago explican que no pleno votaron en contra do acordo pola coletilla de "se é posible o traslado do contenedor".

Leonardo Cabaleiro Couñago manifesta que foi unha falta de delicadeza non levalo previamente ao consello parroquial.

Cecilia Pérez Orge engade que sabendo que era un tema que creou debate debería haberse levado ao consello.

Fernando González Fontán pregunta se se sabe a data de compra do contenedor.

Cecilia Pérez Orge di que hai unha resolución de finais de setembro, dous de outubro.

Luis Medal Fiel indica que teñen que informar preceptivamente antes da compra.

Fernando González Fontán lee unha parte da acta do 17.09.14 e indica que as boias están amoreadas e non se usa iso como canal de saída. Así mesmo, conclúe que a asociación de veciños non está de acordo coa ubicación do contenedor.

O Presidente aclara que non se pode andar a mover o contenedor dun lado para outro segundo o uso ao que se dedique. Propón que se leve o tema a outro consello e que falen antes doutras posibles ubicacións, tendo en conta que os cursos serán de deportes acuáticos, similares ou calquera outro curso.

Fernando González Fontán explica a súa proposta que consistiría en desplazar o canal de saída ata a zona do último quiosco, onde está tamén o baño.

O Presidente entende que onde está é a mellor ubicación pero poden propoñer outra.

Luis Antonio Medal Martínez di que a ubicación dependerá de para o que se vai a usar.



CONCELLO DE REDONDELA

Cecilia Pérez Orge indica que a parte de que está feo, está nunha zona a protexer.

O Presidente di que o punto queda para que o falen e irá na orde do día do próximo consello.

7.- Rogos e preguntas

Jorge Rodríguez Crespo di que na reunión previa falaron un tema en relación aos orzamentos participativos que mellor o explica Fernando.

Fernando González Fontán explica que se trata da marquesiña que pediron na zona do Rial, diante de talleres Crespo, os veciños de alí falaron co Presidente do consello e coa asociación de veciños, explica o caso concreto dun veciño que a muller está en silla de rodas e o multaron por aparcar na parada. Ademais, a parada dalle xusto ao lado da fiestra da vivenda e lles molesta. Polo que solicitan se se pode trasladar a parada quince metros hacia Redondela e colocala diante dunha parcela onde non hai ningunha vivenda e ese espazo sería máis seguro. Solicita se inste a Fomento para que o faga antes de colocar a marquesiña. Engade que os veciños están de acordo, só falta falar co propietario do terreo.

O Presidente di que o primeiro é que falen co propietario do terreo para saber se está de acordo. Engade que estivo alí no sitio e hai sitio de sobra para saír o autobús, entrar o coche do veciño e aparcamento. Así mesmo, o técnico de Fomento díxolle que o veciño fóra do peche non ten nada, e nesa parada en concreto, o mellor e colocar unha marquesiña sen laterais.

Fernando González Fontán explica que está comentando o problema que lle plantearon e pídelo ao Concello que o solucione.

Cecilia Pérez Orge contéstalle que así igual soluciona un problema e crea outro.

O Presidente di que se se move esa outros veciños tamén pedirán que se movan outras paradas.

Luis Antonio Medal Martínez engade que o problema non é a parada, son os veciños aos que lle molesta.



CONCELLO DE REDONDELA

Jorge Rodríguez Crespo comenta que a parada leva moitos anos alí e protestan agora porque se vai a colocar unha marquesiña.

Todos deciden colocar a marquesiña no lugar inicial e despois se todos os veciños están de acordo movela para o outro sito proposto.

Marta Rosa Ramos Álvarez pregunta polas beirarrúas do colexio de Cesantes.

Fernando González Fontán di que ese tema se acordara traer a este consello e non se trouxo. Ademais, lee unha parte da acta do 29.09.14 en relación a un terreo que está na zona da Pantalla que se preguntaba se estaba afectado ou expropiado.

Juan Carlos Araújo Alonso pide que lle informe ao consello das análises das augas das fontes.

Magdalena Ramoné Otero di que ela analizou a auga da Fonte do Pazo.

O Presidente aclara que o Concello as analizou.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que non hai un inventario claro de fontes.

O Presidente contéstalle que si o hai e que están case todas as fontes.

Fernando González Fontán di que no consello do 17.09.14 falou do muro do paseo da praia e quere saber se hai algo do proxecto.

O Presidente contéstalle que se está preparando o proxecto.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e dous minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.